

FICHA DE PROPOSTA DE LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO (LIX)			
Denominación do lugar	<i>Mina de Baldrei</i>		
Categoría	<i>Punto</i>		
Interese principal	<i>Metaloxenético</i>		
Interese secundario	<i>Petrolóxico, mineralóxico e tectónico</i>		
Parámetros de valoración do interese dos LIX	Representatividade		<i>1</i>
	Carácter de localidade tipo		<i>0</i>
	Grao de coñecemento científico do lugar		<i>1</i>
	Estado de conservación		<i>1</i>
	Condicións de observación		<i>2</i>
	Rareza		<i>0</i>
	Diversidade		<i>4</i>
	Contido didáctico / uso didáctico		<i>2</i>
	Infraestrutura loxística		<i>2</i>
	Densidade de poboación		<i>2</i>
	Accesibilidade		<i>2</i>
	Tamaño do LIX		<i>1</i>
	Asociación con outros elementos do patrimonio natural-cultural		<i>2</i>
	Espectacularidade ou beleza		<i>1</i>
	Contido divulgativo / uso divulgativo		<i>4</i>
	Potencialidade para realizar actividades turísticas e de lecer		<i>2</i>
	Fraxilidade (F)	Proximidade a zonas de lecer	
Contorna socioeconómica			<i>2</i>
Tamaño do LIX			<i>2</i>
Vulnerabilidade por ameazas antrópicas (A)	Vulnerabilidade ao expolio		<i>1</i>
	Ameazas naturais		<i>2</i>
	Proximidade a infraestruturas		<i>0</i>
	Interese para a explotación mineira		<i>2</i>
	Réxime de protección do lugar		<i>4</i>
	Protección indirecta		<i>2</i>
	Accesibilidade		<i>0</i>
	Réxime de propiedade do lugar		<i>4</i>
Uso	Densidade de poboación		<i>2</i>
	Proximidade a zonas de lecer		<i>2</i>
	Interese científico	<i>115</i>	<i>Medio</i>
	Interese didáctico	<i>180</i>	<i>Alto</i>
	Interese turístico	<i>190</i>	<i>Alto</i>
	Susceptibilidade de degradación (SD)	<i>76,5</i>	
Prioridade de Protección (PP)	<i>511,67</i>		
Localización	Provincia <i>Ourense</i>	Concello <i>Maceda</i>	
	Paraxe(s) <i>Curvas de Baldrei</i>		
	No caso de que sexa aconsellable manter a confidencialidade do lugar, agochando as súas coordenadas, indíquese cunha equis (x)		
Autor(es) da proposta			

Mina de Baldrei

Coordenadas:

X- 615471,86 Lat.- N 42° 17' 30,62"

Y- 4683129,59 Lon.- W 7° 35' 57,49"

Z- 770



Encadre xeolóxico:

Zona de Galicia Tras-os-Montes. Dominio xistoso de Galicia Trás-os-Montes.

Xeoloxía:

Mineralización hidrotermal de seixo con Sn-W e pequenas cantidades de Cu e As, que encaixa en granitos de dúas micas sincinemáticos con deformación apreciable. As fases minerais principais son casiterita (Sn), wolframita (W), calcopirita (Cu), arsenopirita (As) e piritita, como mineral accesorio destaca o apatito. Algúns dos filóns de seixo atópanse afectados por fallas tardías, en xeral de carácter distensivo. O granito mostra unha salientable meteorización (areización). A carón da explotación mineira é visible o contacto cos metasedimentos (xistos) ricos en andalucita, debido ao metamorfismo de contacto que orixinan estas rochas ígneas.

Proposta de LIX:

Interese principal - Metaloxenético

Interese secundario - Petrolóxico, mineralóxico e tectónico

Usos - Científico (115), Didáctico (180) e Turístico (190)

SD - 76,5 (media)

PP - 611,67 (4º a protexer)